

PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 12

CONVOCATORIA

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 27 de SETEMBRO de 2017, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

PARTE RESOLUTIVA

1.- Actas anteriores: (Sesión ordinaria 26.07.2017).

Ditames das comisións informativas:

RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE

2.- Proposta de festividades locais para o ano 2018. Expte. 1465/110 (Rexistro Pleno 1618/1101)

Mocións:

3.- Moción do Grupo municipal Socialista instando ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade a que obrigue ás empresas adxudicatarias das viaxes do Imserso a que operen un maior número de voos dende o Aeroporto de Vigo. Rexistro Pleno 1621/1101.

4.- Moción do Grupo municipal Socialista instando á Consellería de Educación a tomar medidas para garantir a seguridade e saúde do alumnado, persoal docente e resto de persoal do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao. Rexistro Pleno 1622/1101.

PARTE DE CONTROL

5.- Dar conta de resolucións da Alcaldía.

6.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as.

Mocións.

- 7.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando concurso para a xestión dos servizos que se prestaban na Casa da Xuventude e Punto Xove ata o 31.08.17, establecendo no prego a subrogación do cadro de persoal. Rexistro Pleno 1615/1101
- 8.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a reforzar o servizo de autobús urbano ao Hospital Álvaro Cunqueiro, incrementar as frecuencias en hora punta, ampliar horarios e a habilitar novas liñas. Rexistro Pleno 1623/1101.
- 9.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal a destinar unha partida orzamentaria para promover a iniciativa e difusión que poña de relevo a excepcional importancia do pergamiño Vindel e a súa presenza na Cidade. Rexistro Pleno 1624/1101.

10.- Formulación de rogos.

11.- Formulación de preguntas.

DECRETO DE CONVOCATORIA:

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTE E SETE, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do Concello ós efectos de información.

am

O ALCALDE,

Abel Caballero Álvarez

Vigo, data sinatura electrónica

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.